

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 20/02/1968

Colección:

Data: 20/02/1968

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

San Pedro de Mezonzo: el origen y el autor de la Salve Regina; Artes; Artes visuais; Exposición de Luís Seoane. Bonn. 1967; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1968. Art Gallery International; Literatura;

Mencionados:

San Pedro de Mezonzo; Ramón Piñeiro; Maruxa Seoane; Elena Tormo;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 20/02/1968

Buenos Aires, 20 de Febreiro de 1968

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago

Meu querido amigo:

Non teño a man a tua carta, mais creo que vou responder a dúas preguntas túas. Non me remitas a biografía de San Pedro de Mezonzo, pois coido que voltaremos a Galicia polo outono, cecáis en outubro, e non quixera perdela. Teño todas as notas tomadas pra o Ciprianiño, fai falla que tí fagas a escolma e o estudo previo ou

prólogo. Os grabados fagóos ahí tan pronto chegue. Estou seguro que vai chamar a atención e imos pensar nun formato orixinal que teña que ver co caraiter máxico do texto, pódese facer a troquel. Ten de ser un libro pra poucos i extraño. Eu téño medio matinado. O día 5 do mes que ven inaugúrase unha eisposición de 60 grabados meus no Museo de Bonn, i en Xulio faise eiquí unha retrospectiva de unhas cen obras, desde o 48 ao 68, vinte anos de non chegar a facer o que un desexa.

Recibín o discurso que agradezo moito, de ingreso de Piñeiro na Academia, e a tua resposta, duas pezas notábeles que xustifican a sua eisistencia. Hoxe escribolle a Piñeiro sobor delo. Pareceume importantísimo o estudo de Piñeiro, e o mesmo o teu encol da personalidade deste. Supoño que terían un gran éisito e a mín gostaríame ter estado presente neses intres.

Unha aperta grande pra Elena e tí de Maruja e miña:

Seoane.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.